

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
REC-B1.2- Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	1º REC-B1.2.1- Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como agasallo de Deus.
REC-B1.3- Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	1º REC-B1.3.1- Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que as persoas somos capaces de falar con Deus. 1º REC-B1.3.2- Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.
REC-B2.1- Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	1º REC-B2.1.2 - Sinala e representa as características da amizade de Deus coas persoas: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.
REC-B3.3- Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	1º REC-B3.3.1- Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús
RECB4.1- Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia	1º REC-B4.1.1- Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Para efectuar a avaliación se terán presentes.</p> <p>→ as producións do alumnado</p> <p>→ cuestionarios</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>→ Textos escritos/ cuestionarios dixitais</p> <p>→ Producións plásticas</p>
Cualificación final	<p>Para a cualificación final, dado que é avaliación continua, teranse presentes as notas obtidas na 1ª e 2ª avaliación, xunto co traballo efectuado neste terceiro trimestre, pero neste caso, sempre para mellorar o anterior.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Neste grupo non hai ningún caso con materias pendentes .</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Se lles propoñerán diversas actividades para poder repasar , reforzar e ampliar, nalgúns casos os contidos vistos na aula antes do cese da actividade docente nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios: “Pasapalabras”, actividades “Kahoot” e outras plataformas: Educaplay, learningapps. • Pequenas producións do alumnado • Visionado de vídeos / presentacións • Producións artísticas: quebracabezas, colorear, tanto en soporte impreso como dixital
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para as persoas que dispoñen de conectividade, se lle propoñerán diversas actividades para poder facer no ordenador e facer chegar os resultados ao mestre mediante correo electrónico.</p> <p>Para os que non dispoñen de conectividade, se lles fixo chegar actividades/manualidades que poden facer con materiais que dispoñen nas súas casas.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador/ dispositivos electrónicos • Material funxible

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Se empregará a Aula Virtual do Centro e o blog de mestre. Para a comunicación coas familias, usarase a plataforma Abalar Móbil, correos electrónicos, e o correo electrónico creado a tal efecto para recibir as tarefas realizadas.
Publicidade	Publicarase na páxina web do centro.